

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE FOMENTO

4248 *Real decreto 131/2019, do 8 de marzo, polo que se desenvolve a obrigaón de consignación de buques.*

I

A figura do axente marítimo ou consignatario de buques consagrouse, tanto en España como nos países do noso ámbito, como unha das pezas fundamentais para o bo funcionamento do negocio marítimo.

As dúas leis principais dentro do dereito marítimo español prestan atención ao consignatario a partir do papel esencial que xoga no tráfico marítimo. Esa dobre regulación atende tanto ás súas responsabilidades fronte á Administración pública como á relación contractual co armador ou navieiro.

A primeira desas facetas contense no texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobada polo Real decreto lexislativo 2/2011, do 5 de setembro. O artigo 259 desta lei concreta as súas obrigas fronte ás autoridades portuarias e marítimas en relación co pagamento das liquidacións por taxas ou outros conceptos orixinados pola estadía do buque no porto, así como a constitución de garantías económicas. E o artigo 310.1.b) desta mesma lei declara o consignatario como responsable solidario co navieiro daquelas infraccións administrativas relacionadas coa estadía do buque no porto.

Pola súa banda, a Lei 14/2014, do 24 de xullo, de navegación marítima, dentro do seu título V, sobre os contratos auxiliares da navegación, dedica o seu capítulo II ao contrato de consignación de buques, que regula a vertente privada dos consignatarios. Cabe tan só destacar aquí as previsións do artigo 320 da Lei de navegación marítima, segundo o cal o réxime xurídico do contrato de comisión mercantil regulará as relacións do consignatario e do armador ou navieiro, se tiveren un carácter ocasional, mentres que se aplicará o réxime xurídico do contrato de axencia cando se trate de consignacións continuadas ou estables, suposto en que se permite pactar a exclusividade na consignación.

Tamén interesa destacar que o artigo 10.2 da Lei de navegación marítima establece a obriga para os buques estranxeiros de contar cun consignatario nos portos españois, coa excepción das embarcacións de recreo. E engádese que a obriga de consignación se poderá establecer tamén para os buques nacionais nunha norma de rango regulamentario, unha cuestión que este real decreto tamén desenvolve no senso de establecer esa obriga para os buques abandeirados en España só naqueles portos en que o seu armador ou navieiro non conten con medios propios en terra que os asistan nas funcións que normalmente leva a cabo o consignatario. Ademais, esta decisión sobre a obrigatoriedade da consignación debe acompañarse da regulación daqueles aspectos que contribúan ao correcto desenvolvemento desta importante función.

A importancia de completar esta regulación legal relativa aos consignatarios levou á inclusión deste real decreto dentro do Plan anual normativo de 2018, entre as normas que o Goberno se propuxo aprobar o presente ano.

II

Os dez artigos que se conteñen neste real decreto ordénanse en dous capítulos, dedicados ás disposicións xerais e ás relacións dos consignatarios coa Administración marítima e coas entidades xestoras dos portos. Neste senso, debe aclararse que esta norma se refire ás autoridades portuarias, incluídas non só as dos portos de titularidade estatal senón tamén as dos de titularidade autonómica.

Das disposicións xerais cómpre destacar que este real decreto contén unha definición dos consignatarios que integra os elementos principais que se inclúen nas definicións que

se conteñen, pola súa vez, nas dúas leis de que deriva este real decreto: a Lei de navegación marítima e o texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante.

Así mesmo, é neste capítulo en que se concreta a mencionada obriga de consignación dos buques nacionais.

III

No capítulo II contéñense as regras que presidirán a actividade dos consignatarios na súa relación coa Administración marítima, coas autoridades portuarias e outras autoridades nacionais que exercen funcións nos portos. A primeira destas regras é o cumprimento dilixente das súas obrigas nas súas relacións con esas administracións, coas cales, ademais, se van comunicar a través de medios electrónicos. Polo seu interese na práctica régulase o suposto de substitución de consignatario ou cesión da consignación, desenvolvéndose o que xa dispón o número 4 do artigo 259 do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante.

Destaca a obriga dos consignatarios de cumpriren as condicións que se prevexan nos pregos de condicións particulares do servizo comercial de consignación aprobado pola autoridade portuaria ou, se for o caso, pola entidade xestora do porto de que se trate, así como contar coa súa autorización. Tamén incumbe a estes profesionais a inscrición do consignatario no Rexistro de Consignatarios, configurado neste real decreto como instrumento tanto de publicidade da súa actuación como de control da forma en que van cumprir as súas obrigas.

Finaliza este capítulo II coa previsión da obriga dos consignatarios de contaren con recursos e medios que prevexan os pregos de condicións particulares do servizo comercial de consignación das autoridades portuarias e a de responder do cumprimento das regras e formalidades establecidas para a estadia dos buques no porto.

IV

Con todo iso quérese dar un paso adiante cara á transparencia, á calidade e ao mellor servizo que prestan os consignatarios, a partir da experiencia máis recente, todo o cal redundará nunha mellora do tráfico marítimo, cunha mellor garantía das responsabilidades que corresponden aos distintos suxeitos implicados.

En coherencia coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e coa Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, neste novo real decreto tratouse de asegurar a aplicación dos principios de boa regulación, que son os de necesidade, eficacia, proporcionalidade, transparencia e eficiencia. Para iso, en todo momento se garantiu a participación dos cidadáns na elaboración da norma, atendendo ao propósito de reforzar a seguridade xurídica e á avaliación periódica do ordenamento xurídico no ámbito de que se trata, na procura da súa mellora.

En virtude do exposto, por proposta do ministro de Fomento, coa aprobación previa prevista no artigo 26.5, quinto parágrafo, da Lei 50/1997, do 27 de novembro, de acordo co ditame do Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 8 de marzo de 2019,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

O presente real decreto ten por obxecto desenvolver as condicións de establecemento e exercicio da actividade no porto que é propia dos consignatarios de buques, con independencia da titularidade estatal ou autonómica do porto de que se trate.

Artigo 2. *Definición de consignatario de buques.*

Enténdese por consignatario de buques a persoa natural ou xurídica que se ocupa, por conta do armador ou do navieiro, en cuxo nome e representación actúa, das xestións materiais e xurídicas necesarias para o despacho e demais atencións ao buque no porto.

Artigo 3. *Obrigación de consignación para os buques nacionais.*

Os buques abandeirados en España, cando fagan escala nun porto español en que o armador ou navieiro non dispoña de consignatario dentro da súa propia organización para atender as súas xestións fronte á Administración marítima e á autoridade portuaria correspondente, así como fronte ao resto de administracións públicas que exerzan as súas funcións e controis nos portos, deberán contar cun consignatario que cumpra cos requisitos previstos neste real decreto.

Quedan exceptuadas desta obriga as embarcacións de pesca e de recreo.

Artigo 4. *Obrigación de consignación para os buques estranxeiros.*

Todo buque estranxeiro deberá ter un consignatario nos portos nacionais, con excepción das embarcacións de recreo, que poderán ser representadas directamente polo seu propietario ou capitán.

CAPÍTULO II

Relacións dos consignatarios coa Administración marítima e coas autoridades portuarias

Artigo 5. *Cumprimento das súas obrigas.*

1. Os consignatarios cumprirán coa debida dilixencia as obrigas que na súa relación coas autoridades marítimas e portuarias se establecen na regulación de portos do Estado e da mariña mercante, así como cos demais requisitos exixidos a estes.

2. As comunicacións dos consignatarios e da Dirección Xeral da Mariña Mercante, dos capitáns marítimos, do organismo público Portos do Estado e das autoridades portuarias, así como de calquera Administración pública, terán lugar a través de medios electrónicos.

Artigo 6. *Cambio de consignatario.*

1. En caso de substitución do consignatario ou cesión da consignación dun buque, calquera que sexa a causa, será obriga do que deixa a súa función comunicalo ás autoridades marítimas e portuarias a través do portelo único nacional regulado na normativa sobre as formalidades informativas exixibles aos buques mercantes que cheguen aos portos españois ou que saian deles.

2. Cando o consignatario deixe de exercer esa función deberá satisfacer as débedas pendentes coa capitania marítima e coa autoridade portuaria ata o momento en que efectúa a súa comunicación.

3. Corresponde ao novo consignatario comunicar a súa aceptación ás autoridades marítimas e portuarias, tamén a través do portelo único. O cambio de consignatario do buque de que se trate producirá efectos desde que se produce a comunicación da súa aceptación e sempre con posterioridade á renuncia do consignatario anterior.

Artigo 7. *Requisitos para o exercicio da súa actividade.*

1. Os consignatarios terán que cumprir coas condicións exixidas pola autoridade portuaria competente no porto en que vaian desenvolver a súa actividade para a prestación deste servizo comercial e contar coa súa autorización para iso.

2. Os consignatarios deberán prestar unha atención continua ao buque e ter contacto permanente coas autoridades marítimas e portuarias.

Artigo 8. *Rexistro de Consignatarios.*

1. Créase o Rexistro de Consignatarios, que ten por finalidade facilitar o acceso dos armadores e navieiros aos seus servizos e o control do cumprimento dos requisitos que lles sexan exixidos polas normas.

2. O Rexistro de Consignatarios ten carácter público administrativo e constituirase como unha base de datos informatizada accesible a través do sitio web do Ministerio de Fomento.

3. A xestión do Rexistro de Consignatarios corresponderá ao Ministerio de Fomento e o director xeral da Mariña Mercante terá a condición de responsable do Rexistro de acordo coa normativa de protección de datos de carácter persoal.

4. Os consignatarios poderán instar a súa inscrición no Rexistro de Consignatarios, a través do formulario existente no sitio web do Ministerio de Fomento, facendo constar a súa denominación, domicilio ou sede social, contacto telefónico e enderezo electrónico e os portos en que estean autorizados para desenvolver a súa actividade. Os demais datos que se poidan solicitar no formulario de inscrición non serán obxecto de publicidade. Se é o caso, terán que remitir os documentos que se poidan indicar no sitio web do Ministerio de Fomento.

A Subdirección Xeral de Seguridade, Contaminación e Inspección Marítima da Dirección Xeral da Mariña Mercante levará a cabo a inscrición, no prazo de dous meses desde que o interesado a solicite, ao cal se concederá, cando proceda, un prazo de dez días para que emende a falta da información ou documentos necesarios. Unha vez levada a cabo a inscrición, comunicarse ao enderezo electrónico do interesado no prazo máximo de 10 días.

En caso de denegación da inscrición, poderase interpoñer recurso de alzada ante o director xeral da Mariña Mercante na forma prevista na lexislación de procedemento administrativo común.

A Dirección Xeral da Mariña Mercante poderá subscribir convenios co organismo público Portos do Estado, con entidades autonómicas de xestión dos portos da súa titularidade, así como coas asociacións de consignatarios, para facilitar a inscrición dos consignatarios e o intercambio de información.

5. O encargado do Rexistro de Consignatarios comunicará ás entidades xestoras dos portos a inscrición de consignatarios que declaren contar con autorizacións para o desenvolvemento da súa función no porto de que se trate. Cando se trate de portos de interese xeral integrados no sistema portuario de titularidade estatal, esta comunicación farase a través do organismo público Portos do Estado.

Así mesmo, as autoridades portuarias a través do organismo público Portos do Estado e as restantes entidades xestoras dos portos comunicarán ao Rexistro de Consignatarios a perda de vixencia das autorizacións que outorgasen aos consignatarios.

6. Os consignatarios inscritos deberán manter actualizada esta información en todo momento.

7. Serán causas de baixa no Rexistro de Consignatarios a perda da totalidade das autorizacións outorgadas polas autoridades portuarias para levar a cabo a súa función, así como o seu cesamento de actividade ou a inhabilitación acordada por autoridade competente.

Artigo 9. *Dispoñibilidade de medios.*

Os consignatarios contarán cos recursos e medios que prevexan os pregos de condicións particulares do servizo comercial de consignación das autoridades portuarias.

Artigo 10. *Estadía dos buques.*

Corresponde aos consignatarios asegurar o cumprimento das regras e formalidades que determinen os capitáns marítimos e as autoridades portuarias, así como as demais administracións públicas que exerzan as súas funcións e controis nos portos, en relación coa estadía dos buques no porto.

Disposición adicional única. *Intercambio de información coas autoridades alfandegueiras.*

Os ministerios de Fomento e de Facenda establecerán as medidas de coordinación necesarias para que as autoridades alfandegueiras dispoñan por medios electrónicos dos datos do Rexistro de Consignatarios para o cumprimento das súas funcións.

Disposición derogatoria única. *Derrogación de normas.*

Quedan derogadas cantas normas regulamentarias se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Execución e desenvolvemento do presente real decreto.*

Facúltase o ministro de Fomento para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a execución deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.20.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre mariña mercante.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O disposto no presente real decreto entrará en vigor, tras a súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», o 1 de xullo de 2019.

Dado en Madrid o 8 de marzo de 2019.

FELIPE R.

O ministro de Fomento,
JOSÉ LUIS ÁBALOS MECO